



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G36630259



DEPORTE
GALEGO

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO QUE TIVO LUGAR DE FORMA TELEMÁTICA, O DÍA 9 DE XULLO DO 2024.

Acta n.º 35

ASISTENTES:

PRESIDENTE DA FGM

López Sánchez, Alejandro

SECRETARIO XERAL DA FGM

González Iglesias, Carlos

DEPORTISTAS

Carril Comesaña, Roberto

Vázquez Fariña, Gustavo

TÉCNICO

Aradas Mariñas, Javier

ÁRBITRO

Freixeiro López, Xosé Lois

CLUBS

Asociación de Escaladores Ourenzáns

Club Pena Trevinca Montañeiros de Galicia

Club Montaña Airiños

Club Montaña Vértice

PRESIDENTE/REPRESENTANTE

Böck Villalva, Alfonso

Faro Fortes, Lois

Castro Soto, Isidro

Álvarez Jorge, Moisés

1. Saúdo e benvida do presidente.

O presidente da FGM Alejandro López Sánchez, ás 20.30 h comeza a reunión, agradecendo a asistencia a todas as persoas participantes.

Antes de continuar coa orde do día da reunión, Javier Aradas advirte que Alfonso Böck non pode asistir a reunión se o club ASESOU asiste representado por outra persoa, Blanca García neste caso. O presidente informa de que Alfonso Böck asiste en calidade de deportista en substitución de Elvira Vereá López de Guereño, quen recentemente presentou a súa dimisión. Javier Aradas advirte de que non pode ser así, xa que Elvira non foi nomeada directamente pola anterior presidenta, senón que foi o Club Airiños. O presidente asume que pode ser un erro, xa que non apareceron as actas dos nomeamentos, e asegura que se estudiará o caso para poder subsanalo á maior brevidade e polo momento toma a decisión de pedirlle a Blanca García que se retire da reunión, quedando Alfonso Böck como representante do Club ASESOU.

2. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior da Comisión Delegada da FGM.

O secretario xeral da FGM fai lectura da acta nº 32 da reunión da Comisión Delegada do pasado 27 de marzo de 2024.

Javier Aradas pide que conste en acta que non foi enviada aos membros da Comisión Delegada a acta anterior.

Ademais Gustavo Vázquez advirte que hai un erro na acta xa que él asegura que estivo nesa reunión, aínda que o seu nome non aparece na citada acta.

Por conseguinte, a acta anterior non é aprobada, e o presidente comprométese a enviar a acta á maior brevidade.



3. Informe do presidente da FGM.

O presidente fai unha breve explicación dos asuntos mais relevantes que se están levando a cabo no escaso periodo de tempo dende que asumiu á presidencia da FGM. A situación actual é a de retomar a actividade administrativa da FGM, tarsladando os asuntos da Comisión Xestora á actual Xunta Directiva da FGM, que recentemente foi nomeada e da que xa temos o certificado oficial de nomeamento da Xunta de Galicia. Ademais, xa temos claves electrónicas que nos permiten seguir adiante coa actividade normal da FGM, e que nos permitiron por exemplo sacar adiante unha subvención da Deputación de A Coruña ou a do Plan Corresponsables.

A nivel administrativo o presidente advirte que xa lle foi enviado a todos os clubs o novo horario administrativo da FGM, quedando o mesmo dende o pasado 1 de xullo da seguinte maneira: de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas e dúas tardes, a dos martes e a dos mércores. Agosto pechado pero quedando habilitado un teléfono para calquera tipo de asistencia ou urxencia.

Por último, no tocante á parte administrativa, o presidente comenta que se vai a solicitar unha auditoría de contas externa, que xa se ve reflexada nos orzamentos que hoxe tamén presentamos.

Do resto de funcionamento, todo segue con normalidade en cuanto á actividade deportiva da federación, propoñendo un único cambio con respecto ás competicións de escalada e que se comentará noutro punto desta reunión. Tamén comenta que é consciente de que hai reglamentos pendentes de aprobación pero que non se tivo todavía tempo suficiente para estudar cada un deles, polo que queda aprazado para o mes de novembro coa Asemblea Ordinaria.

Con respecto a todo isto, unicamente Roberto Carril comenta o caso da proba de Marcha Nórdica de Santiago. Proba que nun principio estaba organizada como proba de Copa, pero que non se sabe moi ben por qué nin quen tomou a decisión, pero que finalmente celebrouse sen a denominación de Copa. Roberto Carril pide que se recuperen os resultados e se engadan os puntos ás probas de Copa, ao que o presidente respode que non o ve en principio factible posto que moita xente deixou de asistir á dita proba precisamente por non ser puntuable para a Copa, pero que en todo caso se buscará unha solución.

4. Aprobación, se procede, de orzamentos 2024.

O presidente pide aos asistentes permiso para que Marta Trueba, actual tesoureira da FGM, acceda á reunión e sexa ela quen explique como quedan conformados os orzamentos. Ninguén pon impedimento polo que se incorpora unicamente para explicar este punto, e comenza dicindo que os orzamentos toman de base os que xa existían, pero readapatándoos e seguindo a liña estrutural do novo organigrama por áreas ou vagalías, e incorporando en cada unha desas áreas de maneira comparativa os ingresos e os gastos.

Advirte ademais que se elimina a previsión de contratación doutra persoa administrativa, xa que se prefire contratar de cara ao final de ano.

Incorpóranse partidas para web e redes sociais, ademais da xa comentada contratación de auditoría externa.

Se comenta tamén que existen convenios a executar como o de Turgalicia e que a subvención Corresponsables non está incluída posto que todavía a día de hoxe non hai resolución ao respecto por parte da Xunta de Galicia.

Marta fala tamén da problemática cos refuxios e comenta cales son os actuais patrocinios da FGM e en xeral fai un repaso por todas as partidas que componen os orzamentos. Por último comenta que a estrutura de contas da FGM queda en dúas contas na entidade ABANCA. Pechouse definitivamente a conta que existía no Banco Santander.

Con respecto a todos estes temas xurden os seguintes comentarios:

Javier Aradas aporta que estaría ben manter a anterior páxina web mentres se traballa na nova, ao que o presidente se compromete a falar coa empresa que se encarga da actualización da web para axilizar ao máximo o tema.

Lois Faro apunta que creía que o tema de Turgalicia non saíra aprobado, ao que Javier Aradas apunta que o que non estaba aprobado era o importe, que finalmente será de 52.000 euros/ano.

Gustavo Vázquez comenta o déficit da EGAM por mor dun campamento que finalmente non se vai realizar.

Por último o presidente Alejandro López apunta que todo remanente que haxa, se redistribuirá ou se incluírá nos orzamentos de 2025.

Quedan aprobados os orzamentos 2024 con sete (7) votos a favor, cero (0) abstencións e un (1) voto en contra de Javier Aradas.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G36630259



DEPORTE
GALEGO

5. Aprobación, se procede, de modificación no calendario de competicións 2024.

O presidente informa de que o calendario de competición segue o seu curso normal, salvo no tocante ás competicións de escalada, onde se pretenden incluír tres competicións para sacar adiante os campionatos nas tres modalidades de escalada. En principio con datas de finas de setembro/principio de outubro unha proba, novembro outra proba e unha derradeira en decembro para categorías inferiores.

Javier Aradas fai a petición de que se limpien as presas de escalada de velocidade ao que o presidente contesta que xa está previsto. Ademais o mesmo Javier Aradas advirte de que non hai motivo para incluír esa modificación no calendario posto que cinco (5) probas de ecalada xa estaban contempladas, sen data, e aprobadas na asemblea de decembro de 2023. O presidente comenta que non está ao tanto pero que, de ser así, quitarase este punto da orde do día da reunión extraordinaria da Asemblea da FGM do próximo 13 de xullo.

En todo caso aprobase con sete (7) votos a favor, unha (1) abstención de Xosé Lois Freixeiro e cero (0) votos en contra.

6. Rogos e preguntas.

Xosé Lois Freixeiro apunta que o tema de refuxios merece ser tratado para buscar unha solución.

Gustavo Vázquez apunta que sería bó formar á persoa que se vai contratar como administrativa con suficiente antelación á axitada tarefa administartiva de final de ano.

Roberto Carril pregunta se en agosto se vai poder dar de alta e tramitar novas licenzas federativas, ao que o presidente contesta que sí pero que se apela tamén a facer as cousas coa suficiente previsión.

Sen mais asuntos que tratar, dase por rematada a reunión, sendo as 21.38 horas.

Asinado,
O Secretario Xeral da FGM
Carlos González Iglesias

Visto e prace,
O Presidenta da FGM
Alejandro López Sánchez